

Sistema de Garantía Interna de Calidade

PR62PLA

Planificación da Xestión da Calidade

Versión	Modificación	Data
01	Edición inicial	09/15
02	Modificación de logo da CECUFP	09/25

ELABORADO:		REVISADO:		APROBADO:	
EVC		IFR		EVC	
Data	BD	Data	BD	Data	BD



Índice

Obxecto	3
Ámbito de aplicación	3
Misións e responsabilidades	3
Director/a do CSM de Vigo:	3
Responsable da calidade:	3
Desenvolvemento do proceso	4
Plan estratéxico do CSM de Vigo.	4
Plan de xestión anual e seguimento do CSM de Vigo.	4
Integridade do sistema de xestión da calidade	5
Plan de control	5
Árbore documental	5
Documentos asociados	5
Procedementos asociados	5



Obxecto

Definir o procedemento para a elaboración do Plan Estratéxico e dos Plans de Xestión Anuais e Seguimento, do CSM de Vigo e definir a planificación da calidade para o mantemento da integridade do sistema de xestión da calidade.

Ámbito de aplicación

- O Sistema de xestión da calidade no seu conxunto.

Misións e responsabilidades

Director/a do CSM de Vigo:

- Aprobar o plan estratéxico e os plans anuais e seguimento
- Determinar os obxectivos estratéxicos agrupados por áreas estratéxicas.
- Determinar os indicadores a utilizar para medir o logro dos obxectivos, así como as metas a acadar.
- Determinar os obxectivos anuais do CSM de Vigo, incluídos os da calidade.
- Analizar e valorar o plan estratéxico e os plans de xestión anuais e seguimento.
- Aprobar os plans de calidade e a documentación asociada.
- Supervisar as modificacións que cuestionan a integridade do sistema da calidade.
- Supervisar o seguimento e medición de procesos, así como o cumprimento dos criterios de aceptación previamente definidos.

Responsable da calidade:

- Determinar, xunto co Director/a, os obxectivos anuais do CSM de Vigo incluídos os de calidade.
- Determinar os indicadores a empregar para medir o logro dos obxectivos.
- Determinar os procesos, proxectos e accións a desenvolver para a consecución dos obxectivos.
- Asignar a os responsables as accións a desenvolver, así como determinar o prazo de execución.
- Realizar o seguimento das accións e dos indicadores.
- Avaliar a eficacia das accións desenvolvidas.
- Supervisar os plans de calidade e a documentación asociada.
- Planificar as modificacións que cuestionan a integridade do sistema da calidade.
- Aportar os datos do seguimento e medición dos procesos dos que son responsables.
- Preparar os plans de calidade e a documentación asociada.
- Elaborar o plan de xestión anual e seguimento e o plan estratéxico de lexislatura, de conformidade coas directrices da Dirección.
- Recadar información dos resultados dos indicadores para avaliar os procesos, así como os plans de xestión anuais e seguimento.
- Arquivar e conservar os rexistros xerados.
- Preparar os plans de calidade e a documentación asociada.



- Planificar as modificacións que cuestionen a integridade do sistema de calidade.

Desenvolvemento do proceso

Plan estratéxico do CSM de Vigo.

- O inicio do mandato o director/a determina os obxectivos estratéxicos a desenvolver ao longo da mesma, agrupando os mesmos en áreas estratéxicas.
- Estes obxectivos estratéxicos desenvolveranse en obxectivos anuais e metas, sendo priorizados todos eles, indicando en que exercicio se prevé o seu logro. O logro destes obxectivos é medido mediante indicadores. Establecéronse procesos para a consecución dos obxectivos previstos.
- O Plan Estratéxico do CSM de Vigo documentase no documento [MD62PLA01](#)
- Ao final de cada exercicio o Comité de Calidade, valora o desenvolvemento dos obxectivos estratéxicos da lexislatura e establece os indicadores que correspondan e as metas previstas e analiza as oportunidades de mellora e a necesidade de facer cambios. Os resultados recóllense no informe anual de revisión do sistema de xestión da calidade. Nas reunións do Comité de Calidade, faise un seguimento do cumprimento do Plan de Xestión Anual.
- Ao final do mandato, e coincidindo co final do último exercicio, valorase o desenvolvemento dos obxectivos estratéxicos da lexislatura e avalíanse os indicadores que corresponden e as metas establecidas de forma global, actuando da mesma forma que ao final de cada exercicio.

Plan de xestión anual e seguimento do CSM de Vigo.

- Ao inicio do exercicio, o CSM de Vigo define o desenvolvemento de obxectivos anuais en accións, en coherencia cos procesos de apoio e os de prestación de servizo definidos no sistema da calidade, asignando as responsabilidades e fixando o calendario de execución.
- Mensualmente realízase o seguimento das accións programadas, e documéntanse no formulario, Plan de Xestión Anual e seguimento - [MD62PLA02](#). Trimestralmente avalíase este seguimento nas reunións do **Comité de Calidade**.
- No caso de incumprimento ábrese un informe de non conformidade, determinando as accións correctivas a realizar.
- Anualmente, ao final do exercicio, o Comité de Calidade do CSM de Vigo, valoran o desenvolvemento dos obxectivos anuais e os resultados obtidos ao longo dese período. Para iso os responsables do desenvolvemento dos obxectivos anuais aportan ao responsable da calidade información sobre a medición dos indicadores para facer este seguimento.
- Despois da análise dos resultados polo **Comité de Calidade** na reunión de revisión pola dirección, que se documentan no **Informe anual de revisión do sistema de xestión da calidade**, actualízanse os obxectivos anuais previstos e o seu despregue en accións.
- Anualmente valorase o desenvolvemento dos obxectivos anuais e os resultados obtidos ao longo dese período, coincidindo coa revisión pola dirección.
- Seguimento dos Plans de control



- Os resultados dos indicadores serán aportados polo responsable de calidade facéndose seguimento dos mesmos nas reunións do Comité de Calidade.

Integridade do sistema de xestión da calidade

- Mantense a integridade do sistema de xestión da calidade cando se planifican e implementan cambios neste.
- Débese comprobar que o sistema de xestión da calidade é suficiente para garantir a calidade do proxecto de intervención introducándose modificacións oportunas si fose necesario, así como, xerando todos os documentos e impresos, complementarios e novos, requiridos.

Plan de control

Indicador	Criterio de aceptación	Frecuencia	Medio	Método	Rexistro	Responsable/s
O Grao de cumprimento dos obxectivos da calidade	80%	Anual	MD62PLA01	Contabilízase o grao de cumprimento dos obxectivos anuais especificados en MD54PLA102	Informe anual de revisión do sistema de Xestión da calidade e seguimento co PR93REV	Responsable de calidade

Árbore documental

Documentos asociados

- MD62PLA01
- MD62PLA02
- MD62PLA03

Procedementos asociados

- Todos os procedementos do sistema de xestión de la calidade.